

# NORMAS PARA A EXPEDICIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIA, NO CONCELLO DE LAXE, SEGUNDO O ESTABLECIDO POLO DECRETO 35/2000 DO 28 DE XANEIRO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

## 1.- TITULARES DAS TARXETAS

Terán dereito á expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez aqueles interesados que estando empadroados no Concello de Laxe teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polos equipos de valoración e orientación (en adiante EVO) dependentes das seccións de cualificación e valoración de minusvalidez da Consellería de Asuntos Sociais.

Cando o titular da tarxeta sexa unha **persoa física** poderá utilizala en calquera vehículo en que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta o conductor do vehículo ou non.

Cando o titular da tarxeta sexa unha **persoa xurídica** deberá incluír a/as matrículas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade.

## 2.- DOCUMENTACION

Para a expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez deberase presentar no Concello a seguinte documentación:

- . Solicitud debidamente cumprimentada
- . DNI do titular da tarxeta e de quen o represente.
- . Certificado de minusvalía expedido polos equipos de valoración da Xunta de Galicia ou das outras Comunidades Autónomas
- . Unha fotografía tamaño carné.



Concello de Laxe

Dpto. de  
Servizos Sociais

### **3.- PROCEDEMENTO**

Correspóndelle ó Concello de Laxe a concesión das tarxetas de aparcamento mediante o seguinte procedemento:

- 1.- A solicitude poderase recoller nas oficinas municipais e o expediente iniciase por instancia da persoa interesada ou de quen o/a represente.
- 2.- Se no certificado de minusvalidez do/a solicitante non consta o recoñecemento expreso da imposibilidade de uso do transporte público, o Concello remitirá unha copia da solicitude ó EVO correspondente para a realización do **informe preceptivo e vinculante** para a resolución do procedemento.
- 3.- Completa a solicitude, o Alcalde, órgano ou persoa en quen delegue emitirá a resolución pertinente, que concederá ou denegará a tarxeta solicitada.

Esta resolución será notificada ó/á interesado/a de acordo co procedemento establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez concedida, a tarxeta será asinada polo titular e logo será plastificada. Cando se faga uso dos dereitos que outorga esta tarxeta colocarase nun lugar visible do vehículo.

### **4.- VALIDEZ E CADUCIDADE DAS TARXETAS**

As tarxetas de estacionamento terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, en caso de cambio de domicilio do beneficiario dunha tarxeta de estacionamento, este deberá solicitar o traslado do expediente ó novo municipio de residencia.

No caso de que a cualificación da minusvalidez sexa permanente, a tarxeta caducará ós 10 anos da concesión e no caso de que a cualificación da minusvalidez sexa provisional, a tarxeta caducará cando transcorra o prazo que esta sinala.

Para a renovación débese segui-lo mesmo procedemento que se sigue para o outorgamento da tarxeta inicial.

### **DISPOSICION FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que sexa publicado íntegramente no BOP e transcorra o prazo de 15 días provisto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Laxe, 20 de abril de 2005  
O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Antonio Carracedo Sacedón.